

PROGRAMA

CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS 2014

CÍRCULO DAS ARTES DE LUGO
16 DE MAIO DE 2014
20:30 HORAS



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA
ORQUESTRA

MAXIMINO ZUMALAVE
DIRECTOR

GRUPO VOCAL SÓLO VOCES
COLLEGIUM COMPOSTELLANUM
VOCES

MÚSICA E POESÍA EN LUGO

Ramón Villares

Este ano a celebración do Día das Letras Galegas ten un aire netamente lugués. Non é a primeira vez que acontece que Lugo e as súas terras acollen actos relacionados co Día das Letras Galegas, pois son moitas as figuras que en algo máis de medio século leva escollidas a Real Academia Galega para festexar o 17 de maio, desde Leiras Pulpeiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel, Noriega Varela, Antón Villar Ponte, Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro ata María Mariño, Ramón Piñeiro, Lois Pereiro ou Uxío Novoneyra. Pero a novidade deste ano é que se celebra por primeira vez na cidade das murallas un Concerto das Letras Galegas que, desde hai catro anos, vén organizando o Consello da Cultura Galega, a iniciativa da súa Sección de Música e Artes Escénicas, cuxos membros se implicaron de forma entusiasta nestes concertos.

No Consello da Cultura Galega queremos contribuír a darlle máis valor ao Día das Letras Galegas con esta achega musical, que, por norma xeral, escolle textos poéticos e adaptacións musicais que dalgunha forma estean relacionados coa figura á que se lle dedica a festa académica. O primeiro concerto tivo lugar na igrexa de San Domingos de Bonaval, á beira do Panteón de Galicia; o segundo, na cidade de Pontevedra, berce da figura homenaxeada aquel ano, Valentín Paz-Andrade; o terceiro concerto foi unha fusión de espectáculo teatral e musical baseado nos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro e na condición teatral do autor daquela ano, Vidal Bolaño. E este ano, en Lugo, en homenaxe a Xosé María Díaz Cas-

tro, combinamos pezas musicais de compositores e autores lucenses ou vencellados parcialmente a Lugo, como é o caso de Filgueira Valverde, profesor nos anos trinta no Instituto da cidade.

Alén de creadores literarios, posúe Galicia unha cultura musical galega que talvez non teña unha dimensión comparable á de moitos países da *Mitteleuropa*, pero que tampouco carece de tradición e de aprecio popular. Posuímos unha variada e vizosa musica popular ou *folk* e, desde logo, tamén foi e segue a ser Galicia terra de compositores, directores e de orquestras do ámbito da música culta ou clásica. Na formación desa tradición musical culta tiveron un papel esencial as institucións eclesiásticas, nomeadamente as catedrais e os seus mestres de capela, como centros de conservación e formación dun patrimonio musical que, a través da capilaridade das igrexas parroquiais, acabou estando presente en todo o territorio galego.

O contorno catedralicio tamén foi decisivo para fomentar unha relación fecunda entre a música e a lingua, porque durante séculos foron as panxoliñas e vilancicos de Nadal os principais soportes polos que puido correr a lingua galega, privada ou afastada do rexistro culto literario. E foi con mestres de capela, como o mindoniense Pacheco ou o compostelán Tafall, cos que se formaron algúns dos máis importantes compositores do rexionalismo musical galego. O exemplo do mestre Pascual Veiga, autor tanto d'*A Alborada* como da música do *Himno galego* é a mellor confirmación deste elo formativo. Felizmente, daquela semente que o rexionalismo musical deitou en sazón na terra abrollaron as máis variadas manifestacións, desde orfeóns e corais ata agrupacións musicais, como sociedades polifónicas e filharmónicas, que mantiveron e acrecentaron desde finais do século XIX o patrimonio musical galego.

O programa do Concerto das Letras Galegas deste ano fai xustiza a esta dupla tradición literaria e musical. O seu desenvolvemento vai mostrar unha visión moi completa da creación musical culta galega e dos compositores actuais. Así, poderemos gozar da *Alborada* do mindoniense Pascual Veiga, adaptada por Juan Durán; da peza *Lonxe da Terriña*, escrita polo rexionalista federal lugués Aureliano J. Pereira en 1888, musicada polo lugués Xoán Montes e adaptada tamén por Juan Durán; dunha *Serenata* do insigne musicólogo nado en Lugo e logo exiliado en México, Xesús Bal y Gay; das *Cantigas de mar*, escritas por Filgueira Valverde e musicadas por Roxelio Groba, e, como estrea absoluta, dunha versión musical do poema “Penélope” de Xosé María Díaz Castro, composta polo compositor galego asentado nos Estados Unidos Octavio Vázquez.

A oferta deste ambicioso programa esixiu do concurso de moitas axudas das que quero dar conta. En primeiro termo, a colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago, que puxo á nosa disposición a Real Filharmonía de Galicia para executar este selecto programa musical, do Grupo Vocal Sólo Voces de Lugo e do Collegium Compostellanum de Santiago, que actuarán no concerto. En segundo lugar, o apoio prestado polas institucións lucenses máis comprometidas coa música e coa sociabilidade urbana, como son a Sociedade Filharmónica e o Círculo das Artes. En terceiro lugar, as precisas notas ao programa que fixo o musicólogo Luís Costa. E, finalmente, quero recoñecer o esforzo persoal e institucional de Maximino Zumalave, como director da orquestra para esta sinalada ocasión, e como coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega.



PROGRAMA

ALBORADA GALEGA (Francisco María de la Iglesia)

Pascual Veiga

(Orquestración de Juan Durán)

LONXE D'A TERRIÑA (Aureliano J. Pereira)

Xoán Montes

(Orquestración de Juan Durán)

SERENATA PARA ORQUESTRA DE CORDAS

Xesús Bal y Gay

PENÉLOPE (Xosé María Díaz Castro)

Octavio Vázquez

Obra de encargo, estrea absoluta

CANTIGAS DE MAR *IN MODO ANTICO* (Xosé Filgueira Valverde)

Roxelio Groba

- ¡San Cremenço do mar!
- No Santo do Mar
- Furnas da costeira
- Bailada
- Vin chegar o navío
- Nosa Señora da Barca



POEMAS EN QUE ESTÁN BASEADAS AS PEZAS MUSICAIS DO PROGRAMA

A ESTRELA CRUÑESA

(Alborada)

Adicada ás garridas nenas d'a Cruña

I

Arriba qu'a Aurora
Comenza a pintar
A luz que namora
N-a terra e n-o mar.

Deixad'os leitíños,
Meníñas, deixá,
Qu'os vosos olliños
Dan mais craridá.

II

Como ese sol qu'alomea
Tan galan e spellador,
Vínde vos, soles d'aldea,
Avival o noso amor.

Que si con lumes e frores
Sabía Aurora rebuldar;
Vosos cándidos amores
Saben millor feitizar.

III

Vínde, fillas d'a Alborada
Vínd a ver nacel o sol,
Vosos beizos de granada
Darán celos ô arrebol!

E ô remanso d'os airiños,
D'fontiña ô gorgullar,
Bailaremos en remuíños
De duzoso suspirar.

IV

Ala vén xa, raparigos,
Meu amor, miña ilusión
Cochand'entre brancos prigos
Seu ferido corazón.

N'hay aurora coma ela...
Nin mais fresco caravel...
¡Miña rula! ¡Miña estrela!...
¡Morrerey por serche fiel!

V

¿Non vés miña prenda
Aquél sol n'ourente?
Seu lume crecente,
E neve pra min.

Ven tí ós meus brazos.
¡O mundo olvidemos!
E amantes seremos
D'a vida hastr'o fin.

**Francisco María de la Iglesia:
A Coruña, 1879**

Francisco María de la Iglesia

LONXE D' A TERRIÑA

Lonxe d' a terriña,
lonxe d' o meu lar,
qué morriña teño,
qu' angustias me dan.

Non che nego a bonitura,
ceíño d' esta terriña;
ceíño d' a terra alléa
¡quén che me dera 'n a miña!

¡Ay, meu doce Miño,
que regas meu chan!
os aires che levan
o meu sospirar.

Cheirosas son estas rosas,
cheirosas e bonitiñas.
¡Ay, quén aló che me dera
entre pallas y-entr' ortigas!

¡Ay, meu alaláaaa....
cándo t' oirei!
Chousas e searas
¡cándo vos verei!

Verdiños son estes campos,
verdiñas as arboredas,
pero non moven as polas
os aires d' a miña terra.

¡Lonxe d' a miña,
qu' angustias me dan!
Os que vais pra ela
¡con vos me levai!

**Aureliano J. Pereira: "Lonxe d'a terriña",
en *Cousas d'aldea*, A Coruña, 1891**

Aureliano Pereira

PENÉLOPE

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mól coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.


Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

**Xosé María Díaz Castro: "Penélope", en *Nimbus*.
Vigo, Galaxia, 1961**



Xosé María Díaz Castro



SEIS CANCIONES DEL MAR *IN MODO ANTICO*

1

Porque non seca a morte a fonte das cantigas
eu vos chamo, segreles, que veñades cantar
onde os verdes loureiros gardan vellas ermidas,
cabo das sabias ondas sulcadas do luar,
das insuas da ribeira nun antigo lugar,
¡San Cremenço do mar!

Porque non tolla o frío o albre dos cantares
eu vos digo, rapazas, que vaiades bailar
onde os gayos loureiros quecen fríos fogares,
cabo das tolas ondas, cando o sol vai raiar,
das insuas da ribeira no máis ledo lugar,
¡San Cremenço do mar!

2

Un loureiro esguío
i-un cantar antigo,
no Santo do Mar.

Por amor amigo,
das ondas traído
ó Santo do Mar.

Un loureiro illado
i-un cantar lonxano,
no Santo do Mar.

Por amor amado,
das ondas levado
ó Santo do Mar.

Un cantar antigo,
por amor amigo,
no Santo do Mar.

Das ondas traído,
co loureiro esguío
do Santo do Mar.

Un cantar lonxano
por amor amado
no Santo do Mar.

Dos ventos levado,
co loureiro illado
do Santo do Mar.

3

Furnas da dura costeira
si tedes a vos primeira,
ese cantar
querédesmo ben mostrar?

Furnas do alto penedo,
si sabés a vos que eu quero,
ese dizer
eu quixera deprender.

Si tedes a vos primeira,
feita sabor da ribeira,
ese cantar
querédesmo ben gardar?

Si sabés a vos que eu quero,
feita do mar e do ceo,
ese dizer
eu viñera por saber.

Feito sabor da ribeira,
furnas da dura costeira,
ese cantar
non m'ó querades negar!

Feito de vento delgado,
furnas do penedo alto,
ese dizer
non o deixedes perder!

4

Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán,
so ramos d'estrelas,
nas portas do vran.

Bailemos, doncelas,
na crara mañán.
nas portas do vran,
cantar de quincelas.

Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán.
cantar de quincelas,
fogueiras no chan.

Bailemos, doncelas,
na crara mañán.

5

Da ribeira do río
vin chegar un navío,
ai amor,
que me trouxo o sino.

Da ribeira do alto,
vin entrar o trincado,
ai amor,
que me trouxo o fado.

Vin saír o navío
e chegar o desvío,
ai amor,
a levar amigo.

Vin marchar o trincado
i-entrar o desengano,
ai amor,
a roubar amado.

Para longo desvío
non ei mar nin navío,
nin amor,
nin sabor do río.

Para logo desengano,
nin auga, nin trincado,
nin amor,
nin sabor do alto!

6

Nosa Señora da Barca
eu ben a vin no sol posto;
ten unha rosa na man,
outra na mazán do rostro.

Nosa Señora da Barca
eu ben a vin no sol novo;
ten unha estrela no mar,
outra dormida no colo.

Ten unha rosa na man,
outra na mazán do rostro.
Nosa Señora da Barca,
vinde vela no sol posto!

Ten unha estrela no mar
outra dormida no colo,
Nosa Señora da Barca,
vinde vela no sol novo!

“6 canciones de mar *in modo antico*”, *Albor*
(Cuaderno de poesía), nº 7 (1941), edición de
J. Díaz Jácome. Reditadas por Camiño Noia
Campos, “O neotrobadorismo das 6 *canciones*
de mar in modo antico”, en Homenaxe a Xosé
Filgueira Valverde, *El Museo de Pontevedra*,
LII (1998)

Xosé Filgueira Valverde

INTÉRPRETES

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA ORQUESTRA

A Real Filharmonía de Galicia (RFG) nace da man da Xunta de Galicia en 1996 cunha vocación universal, como a propia cidade onde ten a súa sede, Santiago de Compostela. O Consorcio da cidade de Santiago é o organismo encargado da súa xestión.

Esta orquestra sinfónica, que representa en si mesma o concepto de espírito aberto, conciliador e amable que encerra a música, está formada por cincuenta músicos de diferentes nacionalidades que achegaron a súa experiencia, formación, tradición musical, empeño e ilusión. Xunto a eles, mestres como Maximino Zumalave, músico comprometido coa súa cidade, como director asociado; Helmut Rilling, o primeiro director titular da orquestra que achegou a forza e pulo necesarios para iniciar este proxecto; Antoni Ros Marbà, que consolidou a súa traxectoria durante catorce anos, e agora Paul Daniel, desde xaneiro de 2013, novo director titular, tiveron ou teñen a responsabilidade de conducir esta formación musical.

O seu traballo permitiu que especialistas de recoñecido prestixio acepten colaborar e compartir momentos de gran plenitude musical: Frank Peter Zimmermann, Daniel Hope ou Vadim Repin (violín); Natalia Gutman, Lluís Clatet ou Enrico Dindo (violoncello); Joaquín Achúcarro, Rudolf Buchbinder ou Eldar Ne-



bolsin (piano), e cantantes como Teresa Berganza, Thomas Quatshoff ou Matthias Goerne. E, por suposto, importantes directores de renome, como Frans Brüggen, Juanjo Mena, David Afkham, Hansjörg Schellenberger, Josep Pons ou Christop König, actual director invitado, puxeron a súa batuta á fronte da orquestra.

A Real Filharmonía de Galicia mantén unha tempada estable no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela que compatibiliza con xiras e concertos nos escenarios de países como Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal, ademais das principais cidades españolas, onde destaca a súa participación na tempada cultural de Vigo.

Na discografía da RFG destacan os seus traballos dedicados a Manuel de Falla e Frederic Mompou, publicados en 2009, e a Maurice Ravel, en 2012. O seu último disco, editado en 2013, titúlase *Variaciones*, no que a orquestra e a soprano María Bayo renden homenaxe a Antón García Abril.



MAXIMINO ZUMALAVE

DIRECTOR

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado

da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela.

Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmáns Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros.

Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras.

Foi invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, De Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música: Torrente Ballester envíalle unha obra “lamentando que no pueda ser una sinfonía” e a poeta Eva Veiga escribe:

*...Maximino,
que coas súas mans do silencio
arrinca
a máis pura poesía,
no espacio fuxidía
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995, foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario e, desde 2010, é membro do Plenario e coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega. En xuño de 2008, o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.



GRUPO VOCAL SÓLO VOCES

O Grupo Vocal Sólo Voces fundouse en Lugo en 1992. Desde entón leva traballando diversos ámbitos do repertorio coral, sempre con especial énfase nos autores galegos, e baixo a dirección de Fernando G. Jácome.

Ten editados varios CD: *Cantares* (ano 2000); *Clásicos galegos, Vol. 1* (ano 2000), coa Orquestra Municipal de Xove baixo a dirección de Xan Carballal, onde se recolle música de autores lucenses; *Nihil novum sub sole?* (ano 2005) e *Dous séculos de música lucense* (ano 2011) baixo o patrocinio da Deputación de Lugo.

Se ben sempre existiu a vocación de dar a coñecer a obra de músicos locais, precisamente con *Clásicos galegos* comeza unha nova etapa intensificando este labor de difusión e, no ano 2001, fan un concerto xunto coa Orquestra Municipal de Xove, no que se representan varias obras de xuventude do lucense universal Xoán Montes. En 2004, unha sección de Sólo Voces constitúe a Capela lucense para recuperar obras do arquivo musical da catedral de Lugo. En 2007, no marco do festival Via Stellae, Sólo Voces ofrece varios concertos en Galiza con obras de lucenses como Pascual Veiga, Xoán Montes, Bal y Gay e músicos da catedral lucense. Este programa ofréceo en Lugo ao ano seguinte, na programación da Sociedade Filharmónica lucense. En 2011, xunto coa Orquestra Vigo 430 interpretan en Lugo o *Te Deum* de Montes. Tamén neste ano organizou –con grande éxito de público– unha semana dedicada a Xoán Montes, que consistiu nun ciclo de conferencias e concertos sobre a música de Montes así como unha exposición de partituras e obxectos deste autor.



COLLEGIUM COMPELLANVM CORO

Foi creado en 1988 por Maximino Zumalave, o seu director, coa colaboración de J. C. Dorgambide. O *Collegium* colaborou con artistas como Zanetti, Miguel Cid, Michael Volle, Agustín Prunell, Iris Vermeillon, etc. e coas orquestras Clásica de Porto, Real Filharmonía de Galicia, La Petite Bande, etc. baixo a dirección de Zumalave, Kuijken, Rilling, Florio, etc.

Bach, Mozart, Bizet, Haendel, Brahms, Britten... están entre os autores de obras para solistas, coro e orquestra que o *Collegium* ten na súa executoria. Nos músicos galegos cómpre destacar a Groba e Viaño. Coa Petite Bande e Kuijken, o *Collegium* gravou en CD o *Don Giovanni* de Mozart.

En concertos *a cappella*, o *Collegium* ten repertorio que vai de Palestrina, Victoria, Purcell, Pergolesi, Brahms, Fauré... ás músicas de cine (*Mago de Oz*, *West Side Story*, *My Fair Lady*...), de Nadal, etc.

NOTAS AO PROGRAMA

LUÍS COSTA

Sección de Música e Artes Escénicas

O concerto desta conmemoración das Letras Galegas de 2014 ofrece un crisol verdadeiramente completo da creación musical culta galega, desde o século XIX ata a composición máis actual, ordenado cronoloxicamente na primeira parte e completado coa cantata de Groba na segunda. Son obras que poden ser consideradas como *clásicas*, en tanto que constitúen en todos os casos pezas de repertorio amplamente coñecidas en maior ou menor medida. A elas engádese, como unha achega especial para esta ocasión, o encargo realizado a Octavio Vázquez para a súa estrea, mostra unha vez máis da vontade do Consello da Cultura Galega para que cada unha destas ocasións sirva no só para recrear e consolidar estes clásicos, senón tamén para acrecentar o *corpus* desta tradición culta galega contemporánea.

A Alborada (1880)

Na produción musical de Pascual Veiga (1842-1906), por outra parte escasa, e hoxe escasamente coñecida, a *Alborada* ocupa, xunto con *Os Pinos*, un lugar senlleiro, tanto no sentido literal –de soidade– como no figurado –de sobranceiro. O compositor mindoniense conformou a carón de Xoán Montes e Xosé Castro *Chané* o trevo ineludible sobre o que descansa a narración do coralismo galego durante a I Restauración, e, xunto con eles, foi obxecto de toda clase de recoñecementos xa en vida; máis polos éxitos das masas corais que creara e dirixira que polas obras compostas, a excepción, claro está, da *Alborada*. Visto desde a distancia, non se pode comprender o peso daqueles compositores-directores exclusivamente a partir da avaliación da calidade das súas obras, e sentir presente a relevancia que o seu quefacer tivo na construción dunha identidade cultural e, subsecuentemente, política para Galicia.

A primeira versión da obra, sobre letra de Francisco María de la Iglesia, parece que foi estreada en 1880 en Pontevedra, con motivo do certame convocado para os xogos florais daquel ano, e popularizouse inmediatamente, en arranxos para diferentes combinacións vocais e instrumentais, ata o punto de eclipsar

calquera outra obra de Veiga. A mesma *Alborada* lle reportou, coa súa interpretación á fronte do Orfeón Coruñés n.º 4, a Medalla de Ouro no certame da Exposición Universal de París, en 1889, sen dúbida o éxito máis notorio do mindoniense. Do mesmo xeito que a *Balada Gallega* de Xoán Montes, máis coñecida logo como *Negra Sombra*, a *Alborada* pasou a formar parte dese reducido fado de obras en que se decantou un fondo sentimento da galegitude, co que se identificaron de tal xeito os contemporáneos que mesmo chegaba a diluír calquera indicio de competencias e envexas, tan propias do espírito competitivo dos orfeóns decimonónicos.

A clave da popularidade da *Alborada* reside tanto no acerto descritivo naturalista do texto, como na utilización por parte de Veiga de elementos propios da música de tradición oral, cos que os naturais rapidamente se sentiron identificados: o ritmo binario en *ostinato* e as progresións a partir das células melódicas circulares, que son tan características do xénero, na tradición dos gaiteiros do país. É claro que Veiga contou como precedente coas obras dos mestres de capela de Mondoñedo, ao carón dos que se formou, e máis concretamente coa tradición do vilancico en galego cultivado polo mestre Pacheco, obras en que xa se atopa o uso dos aires de muiñeira e, mesmo, das progresións melódicas tan características da alborada popular.

A versión realizada por Juan Durán que hoxe se estrea reproduce o texto e a melodía orixinais, sobre unha orquestración totalmente innovadora. Dalgún xeito, co seu espírito épico, a *Alborada* daba o contrapunto necesario á imaxe un tanto doente que a *Negra Sombra* deixaba da alma de Galicia. Así o vía Lois Peña Novo, citado na biografía de Veiga, de Xosé de Cora e Xulio Pardo de Neyra:

Pascual Veiga, visionario patriótico, lendo no porvir, deunos a súa Alborada, feita de notas alegres e de esperanzas. Veiga non chora. Veiga foi o precursor do esperar galego e de que Galicia deixe de se considerar irredenta.

Lonxe da Terriña (1888)

Os compositores galegos contemporáneos tiveron no *lied* un dos xéneros predilectos para dar expresión ás arelas dunha identidade artística diferenciada. Carentes dunha tradición orquestral comparable á italiana ou á centroeuropea, e dificultado o xurdimento dunha ópera nacional pola escaseza dos recursos que tal empresa comportaba, os creadores galegos atoparon no *lied* o xénero idóneo para dar presenza musical a unha vontade creadora que só precisaba de textos de calidade e de recursos materiais moi discretos: o piano e a voz. Os textos déronlles abondo os poetas do Rexurdimento, que conforman un rico celeiro onde procurar contidos e motivos de inspiración. Non é estraño, pois, que do

catálogo de autores como Xoán Montes (1840-1899) queden hoxe na memoria popular case exclusivamente aquelas melodías, como sucede coa *Negra Sombra*, aínda que fose en versión coral.

Lonxe da Terriña, sobre letra do tamén lucense Aureliano J. Pereira, foi publicada primeiramente na revista *Galicia Humorística* en 1888 e, posteriormente, editada na Coruña por Canuto Berea, nas versións para voz e piano, e para piano solo, dentro da serie das *6 Baladas Gallegas*. Hoxe escoitámola en versión orquestral, nun arranxo sobre a melodía orixinal da man de Juan Durán, compositor que conta xa cunha longa experiencia na adaptación actualizada de clásicos do repertorio galego culto.

Serenata para orquestra de cordas (1942)

No ano 2005, con motivo do centenario do nacemento de Xesús Bal (1905-1993), realizouse unha exposición itinerante entre Lugo, Santiago de Compostela e Madrid, na que se amosou unha parte moi representativa do legado documental deste polifacético músico lucense. Daquela ocasión quedou, ademais, para os interesados na obra de Bal, a edición dun magnífico libro-catálogo en que, a través de varios estudos e enfoques ao redor desta figura, se pode apreciar a intensidade dunha vida intelectual, despregada en ámbitos diversos que van desde a investigación folclorística á composición de vangarda, desde o ensaio historiográfico á crítica xornalística, ou mesmo desde a música a eidos como a literatura –da que leccionou na súa etapa de Cambridge– ou as artes plásticas –como galerista en México, nos anos do exilio.

Bal y Gay tocou –vale aquí a literalidade da palabra– practicamente en todas as teclas da música e dos seus contornos; e fíxoo mantendo sempre posicións de innegociable compromiso cos valores que veu defendendo desde os seus primeiros escritos, cando apenas contaba vinte anos de idade. *Hacia el ballet gallego*, o seu ensaio iniciático publicado en 1924, é unha incisiva e lúcida reflexión sobre os usos do folclore de cara á creación dunha arte culta, capaz de recoller a tradición popular e vertela nos moldes convencionais da danza e da música da gran tradición europea; e facelo, ademais, desde os patróns estéticos da novísima corrente neoclásica que en España viña representada por Falla e o seu *Retablo de Maese Pedro*. De xeito resumido e nas palabras do autor:

El creador que quiera hacer arte de hondas raíces populares ha de prepararse mediante una larga asimilación del folklore o de la palpitante vida que lo circunda. Luego, puede crear, libre de todo prejuicio, una obra 'suya' con la firmeza de que al propio tiempo será –calidades de perdurabilidad– 'nacional' y 'universal'.

O compositor mantería a fidelidade aos eixes de pensamento crítico e creativo que subxacen neste ensaio novel ao longo de toda a súa vida: a autonomía

da obra musical e da súa estética respecto de calquera concesión ás circunstancias do contexto social ou político, ou ás demandas do público; e o compromiso cos piares formais do neoclasicismo do segundo cuarto do século XX, nos termos expostos e practicados polo seu contemporáneo e amigo Igor Stravinsky.

Bal foi un compositor vocacional, no sentido de que non creaba máis que cando tiña a necesidade interna de facelo. Hoxe é coñecido máis pola súa faceta de musicólogo e crítico que pola de compositor, e, de feito, o seu catálogo é curto en canto a número de obras. En compensación, pódese dicir que en todas elas se percibe un traballo minucioso e intenso, tanto nos aspectos formais coma nos expresivos. Son, neste sentido, obras para máis dunha audición pois, igual que nos seus escritos, Xesús Bal non compuxo pensando en regalar doadamente o ouvido do público, senón pedíndolle a este o mesmo nivel de esixencia que impoñía a si mesmo.

A *Serenata para orquestra de cordas* foi composta no lapso dun ano, entre 1941 e 1942, e estreada en México, pola Orquestra Sinfónica daquel país, en 1943. O orgánico orquestral é moi típico do gusto de Bal: unha orquestra *cuasi* camerística, segundo o modelo da orquestra clásica, só para cordas, desprovista de calquera aditamento que puidese estorbar a recepción da mensaxe expresiva que Bal aspiraba a transmitir desde a pura estrutura sonora.

Con motivo da estrea da obra xustamente en Lugo, o 18 de xuño de 1973, o compositor describíaa non só nos seus aspectos formais, senón tamén nos poéticos, dun xeito tan preciso que non podemos facer senón transcribilo, corenta anos despois, tal e como se recollía no traballo de Jesús Arias Bal, incluído no libro-catálogo que citamos anteriormente:

[La Serenata para orquesta de cuerdas] Responde a unos principios estéticos profesados, desde mi adolescencia, a lo largo de toda mi vida: en primer lugar el respeto a la tonalidad, principio de unidad y variedad de toda composición; la construcción basada en esquemas formales que garanticen solidez y, al mismo tiempo, flexibilidad a la obra: la concisión que evite superfluidades y engañifas y, finalmente, el propósito de crear música que, sin traicionar mi más íntimo sentir, llegue a la inteligencia y la sensibilidad de los demás. La Serenata fue concebida para orquesta de cuerda como un reto a mí mismo en cuanto a sacar la mayor variedad posible de color instrumental dentro de un medio sonoro homogéneo... Su estructura manifiesta una cierta economía en la utilización de material temático y la impresión de variedad que pueda dar al oyente nace de la manipulación a que están sometidos los temas. Armónicamente considerada, acusa en algunos pasajes la utilización del bitonalismo, en agregados que responden a una raíz única. Y en fin, el carácter de toda la obra es el que creo propio de una serenata, según los modelos que nos dejaron Haydn y Mozart: música intrascendente, grata, hedonística.

Penélope (2014. Estrea absoluta por encargo)

Con preto de medio centenar de obras no seu catálogo, Octavio Vázquez (1972) afirmouse claramente como un dos valores máis sólidos do panorama actual dos compositores galegos. Afincado profesionalmente desde hai anos nos EE. UU., Vázquez desenvolveu unha intensa carreira, con presenza da súa música en América, Europa e Asia, estreando as súas composicións, integrando programas de importantes festivais ou impartindo clases maxistras en conservatorios e universidades. Malia a distancia, Octavio Vázquez mantén unha continúa presenza na vida musical galega e é convidado con frecuencia a compoñer por encargo para actos como o que hoxe nos reúne.

Penélope é unha obra para coro e orquestra sobre o coñecido poema homónimo de Xosé María Díaz Castro. De carácter estático e reflexivo, reflicte o sentido fondo e existencial do poema: “Un paso adiante i outro atrás. Galiza,/ i a tea dos teus sonos non se move”.

En palabras de Vázquez: “Cando un pon música a un poema de tanta forza, o máis importante ao meu modo de ver é non subtraer do poema; é facer por penetrar na esencia mesma da obra, e dende dentro apoiala, sostela, darlle alento musical pero tendo conta sempre de non engadir, deturpar, ou terxiversar nada do que alí está”.

Cantigas de mar (1981)

Penso que se trata dunha obra fresca, espontánea, de fácil identificación e gran poder evocativo-descriptivo. Unha das miñas obras máis asequibles.

Roxelio Groba (1930), compositor prolífico, é un creador fondamente ancorado nas fontes da tradición propia nas súas múltiples pólas: a música tradicional dos gaiteiros, as melodías antigas das danzas rituais, o son popular das bandas de música, a vocalidade herdada da vella tradición orfeónica... Non hai fonte, das moitas que alimentan o devir da música do país, que non fose regato de auga fresca no que Groba bebese, no seu empeño de transformación desa tradición. Nacido na cerna da música popular como rapaz de banda de música, formado logo en Madrid, coñecedor da experiencia da emigración, Roxelio Groba mergullouse cada vez máis na procura dunha linguaxe que, sendo propia e persoal, non deixase de ser ao mesmo tempo claramente identificable e consecuente coa aposta por acadar un corpus musical en que se enxergasen os xéneros e estilos legados pola tradición histórica e popular, coas técnicas compositivas e os deseños formais máis avanzados.

O resultado é unha obra dunha enorme solidez no seu conxunto, variada, mesmo cobizosa por riba das propias posibilidades que a infraestrutura musical

do país fornecía –como proba que moitas composicións súas tardaron en estrearse ou, incluso, agardan aínda a súa estrea– e aínda aberta, en tanto que Roxelio Groba segue perseverando no afondamento daquelas fontes, unha e outra vez, revisitándoas para entroncar esa Galicia herdada, sen violencias e de xeito asombrosamente natural, co mellor da gran tradición europea e as novas tendencias compositivas.

A cantata *Cantigas de mar* foi composta en 1981 e estreada ao ano seguinte, nunha audición *cuasi* privada no Pazo de Mariñan (A Coruña), como relata o propio compositor nas súas memorias. A obra acadaría rapidamente a popularidade ao ser interpretada ese mesmo ano no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, en Pontevedra e en Ferrol, e finalmente gravada en vinilo. *Cantigas de mar* recolle seis estampas inspiradas en lugares e paisaxes mariñas e, de acordo coa cita do encabezamento, encádrase dentro desas obras de inspiración popular, cun tratamento conservador na harmonía e na estrutura, usando os recursos instrumentais e formais dun xeito mesurado, e evitando conscientemente calquera afoutamento ou experiencia que puidese atrancar a percepción directa daquelas paisaxes evocadas.

O texto de Xosé Filgueira Valverde, de limpa estética neotrobadoresca, requiría, na propia declaración de Groba, un tratamento *in modo antico*, unha música que, sen renunciar aos recursos da estética neoclásica tan do gusto do compositor gulanés, respectase ao tempo aquel estilo medievalizante en que poden convivir sen estridencias os modalismos evocadores dun Bartok ou un Stravinsky co aire vetusto das melodías tradicionais e a sinxeleza das cantigas populares.

O fondo estilístico da música tradicional, marca propia da produción de Groba, está claramente presente nos ritmos, como a xota da *Bailada* ou as penteras de pandeirada en *Furnas da costeira*; na evocación do arrorró, no delicado movemento lírico de *Vin chegar o navío*; ou nas progresións ascendentes a modo de alborada da melodía vocal do primeiro movemento, *San Cremenço do mar*. Mesmo o contraste de estilo entre as diferentes seccións é tributario da estrutura da rapsodia galega descritiva: desde o abrente do día, pasando polo carácter rebuldeiro dos movementos rápidos ou o morno solpor da tardiña do penúltimo cadro. Como unha concesión a esquemas formais máis cobizosos, Groba remata en *Nosa Señora da Barca* cunha estrutura en estilo fugado, na que se retoman os diversos temas e ritmos da obra, creando así un xeito de resolución, ao modo clásico do estilo da sonata.

CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS 2014

Organiza

Consello da Cultura Galega

Colaboran

Sociedade Filharmónica de Lugo
Círculo das Artes de Lugo

Agradecementos

Real Academia Galega

Gráfica

Imago Mundi

Imprime

Gráficas Brial

Depósito Legal

C 780-2014



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

